

Falta de resolución expresa dun expediente de responsabilidade patrimonial (recordatorio de deberes legais)

Expediente: I.5.Q/7543/22

Santiago de Compostela, 11 de Decembro de 2023

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito dun cidadán, referente á falta de resolución expresa dun expediente de responsabilidade patrimonial.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, expón o seguinte:

Falta de impulso en la tramitación del expediente de responsabilidad patrimonial RP-2019-0029-P.

El reclamante interpuso reclamación en fecha 29.1.2019. Tras los trámites oportunos el expediente fue remitido para dictamen del Consello Consultivo de Galicia en febrero de 2020. El dictamen se emitió el 3.4.2020 acordando devolver el expediente a la Consellería para que completase la instrucción.

El 5.5.2021 la Consellería remitió nueva documentación al CCG para emisión de dictamen.

El 26.5.2021 el CCG acordó de nuevo devolver el expediente por segunda vez por omisión de diligencias precisas.

El 6.9.2021 a raíz de la caótica tramitación se acordó el reinicio del expediente dándose audiencia al reclamante el 1.10.2021, presentándose alegaciones.

A día de hoy - 13.9.2022 - casi un año después no se ha practicado ningún trámite más, llevando el expediente pendiente de resolución expresa casi tres años.

Ante iso requirimos informe a esa Administración no que se fai constar o seguinte:

O 20 de setembro de 2022, solicitouse informe á xefatura do Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios de Vigo - Pontevedra sobre o presente tema, referido á situación do

expediente de responsabilidade patrimonial RP-2019-0029-P, que se está a instruír no citado Servizo de Inspección. En resumo, expónse o seguinte:

- O 29 de xaneiro de 2019 iniciouse no Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios de Vigo-Pontevedra o Procedemento de Esixencia de Responsabilidade Patrimonial da Administración Pública en base á reclamación presentada, por supostos danos derivados da asistencia sanitaria prestada no Hospital Universitario Álvaro Cunqueiro de Vigo (Servizo Galego de Saúde), e polo que solicita unha indemnización de 90.000 euros.

- Unha vez realizada a tramitación de dito expediente, na que se inclúe a solicitude dos informes que se consideran preceptivos, o instrutor do presente expediente emitiu, o 6 de febreiro de 2020, a correspondente proposta de resolución da reclamación RP-2019-0029-P de esixencia de responsabilidade patrimonial da Administración por danos derivados da asistencia sanitaria.

- Remitido o expediente ao Consello Consultivo de Galicia, este acordou o 25 de maio de 2020 (Ditame CCG 73/2020 do 25/05/2020) a devolución do mesmo por entender necesario a practica de novas dilixencias (nova información clínica).

- Reiniciouse este procedemento no Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios de Vigo-Pontevedra o 11 de xuño de 2020, solicitándose a información correspondente, segundo o artigo 81.1 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- O 17 de setembro de 2020, unha vez recibida a documentación solicitada, remítese a mesma ao interesado e dando vista do expediente.

- O 27 de outubro de 2020, recibido o escrito de alegacións do reclamante, o instrutor do expediente realiza a denegación motivada da práctica de proba proposta polo interesado.

- O 3 de maio de 2021 o instrutor do presente expediente realiza nova proposta de resolución da reclamación RP-2019-0029-P de esixencia de responsabilidade patrimonial da Administración por danos derivados da asistencia sanitaria.

- O 26 de maio de 2021, o Consello Consultivo de Galicia emite novo ditame (Ditame CCG 73/2020 do 26/05/2021) no que acorda devolver de novo o expediente por considerar que debe solicitarse novamente informe ao servizo de uroloxía. A este respecto, entre outras cuestións, neste ditame indícase que o informe do servizo de uroloxía refire cronoloxicamente as atencións prestadas sen abordar as cuestións formuladas polo paciente.

- No Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios de Vigo-Pontevedra, o 16 de xuño de 2021 reiníciase o procedemento deste expediente de responsabilidade patrimonial, e solicítase á Xerencia da Área Sanitaria de Vigo (Servizo Galego de Saúde) o informe do servizo de uroloxía que describe a asistencia prestada ao paciente dando unha resposta razoada a todos os extremos esixidos polo Consello Consultivo de Galicia no seu segundo ditame.

- O xerente da Área Sanitaria de Vigo en contestación, remitiu o 8/10/2021 un informe médico do servizo de uroloxía xa existente no expediente. Este erro foi advertido con posterioridade, motivo polo que se reiterou á Xerencia da Área Sanitaria de Vigo a emisión do informe nos termos requiridos polo Consello Consultivo de Galicia, fase na que se atopa o expediente.

## ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta nos informes da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

Un principio reitor do procedemento administrativo común é a obriga que ten a Administración de resolver expresamente todas e cada unha das solicitudes que presenten os cidadáns. Así se desprende da lectura do artigo 21 da Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas que establece que:

1. La Administración está obligada a dictar resolución expresa y a notificarla en todos los procedimientos cualquiera que sea su forma de iniciación. (...)

2. El plazo máximo en el que debe notificarse la resolución expresa será el fijado por la norma reguladora del correspondiente procedimiento. Este plazo no podrá exceder de seis meses salvo que una norma con rango de Ley establezca uno mayor o así venga previsto en el Derecho de la Unión Europea.

Ao respecto dos procedementos de responsabilidade patrimonial e no que atinxe aos informes requiridos no seo de ditos procedementos aos que se fai referencia no informe desa administración sanitaria cómpre ter presente que, o artigo 81.1 do mesmo texto legal establece un período cando indica que:

“En el caso de los procedimientos de responsabilidad patrimonial será preceptivo solicitar informe al servicio cuyo funcionamiento haya ocasionado la presunta lesión indemnizable, no pudiendo exceder de diez días el plazo de su emisión.”

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora e tendo en conta os preceptos sinalados considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a ese órgano o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

**“Faise necesario adoptar as medidas que se consideren oportunas para que os procedementos de responsabilidade patrimonial instados polos cidadáns no eido da asistencia sanitaria se resolvan en tempo e forma de acordo coas normas reguladoras na materia”.**

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo